CARGA DOS DÍAS DE VACACIÓNS RETRIBUÍDAS E NON DESFRUTADAS

Os días de vacacións cotizadas, retribuídas e non desfrutadas, de experiencia SERGAS xa van figurar automaticamente nos sistemas de información corporativos, e, polo tanto, non é preciso acreditalos.

No caso de que por vinculacións derivadas de contratos ou nomeamentos fóra do Sergas, se xeren días de vacacións, débense introducir pola persoa aspirante na pestana de "Outra experiencia", no período correspondente de servizos prestados, no lugar habilitado, denominado "Días de afiliación adicionais por vacacións non desfrutadas e retribuídas", localizado ao lado esquerdo da pantalla, debaixo da epígrafe de "Ausencias por conciliación":



No informe de vida laboral, a persoa aspirante debe localizar os días xerados por cada contrato ou nomeamento. Se o período polo que se xeran está xa validado e acreditado anteriormente, débese entrar no detalle do período correspondente (clicando a icona do ollo) e premer en "Días de afiliación adicionais por vacacións non desfrutadas e retribuídas", aparecendo o espazo necesario para cargar estes días de vacacións:



Ao introducir o número de días relativo a cada período que figuren na vida laboral, cargaranse automaticamente os días de vacacións retribuídas e non desfrutadas, nunha fila independente, con data de inicio do día seguinte á da data fin do vínculo polo que se xeraron eses días, quedando, ata a súa validación, no estado de P (Pendente de Validar):



EMPRESA PRIVADA	AUXILIAR ADMINISTRATIVO/A	LABORAL	INDEFINIDO		01/10/2006	30/06/2008			V
EMPRESA PRIVADA	AUXILIAR ADMINISTRATIVO/A	LABORAL	INDEFINIDO - VACACIÓNS RETRIBUIDAS E NON DESFRUTADAS		01/07/2008	10/07/2008			P

IMPORTANTE: Os días de vacacións xerados, no suposto de que se solapen con vínculos posteriores, non se terán en conta nos baremos.

Para a súa acreditación documental, e no seu caso, posterior validación, débese achegar no rexistro administrativo da súa elección, o informe de vida laboral, xunto coa súa solicitude de validación de méritos, para a súa remisión á súa Unidade de Validación.